



XUNTA
DE GALICIA






Xacobeo
2027

PERSOAS RELATORAS

E MESAS DE EXPERIENCIAS

X V I I I X O R N A D A





Manuel Rivas

Manuel Rivas, escritor e xornalista, é autor de máis de corenta obras, traducidas a numerosas linguas e con varias adaptacións ao cinema. A súa escrita, recoñecible polo equilibrio entre lirismo e ironía, aborda a sociedade galega desde o compromiso en cuestións como a memoria histórica, a xustiza social e o ecoloxismo. Doutor honoris causa pola Universidade da Coruña e codirector da revista *Luzes*, é tamén académico da Real Academia Galega desde 2009.

Nado na Coruña, comezou moi novo no xornalismo e estudou Ciencias da Información en Madrid, onde tamén participou en proxectos literarios como o colectivo poético Loia. Ao longo da súa carreira combinou a creación literaria co traballo xornalístico en diversos medios, mantendo unha voz crítica e comprometida. Tamén publicou ensaios sobre política galega e a súa extensa obra xornalística foi recompilada en diversos libros e recoñecida con numerosos premios. Continúa activo no xornalismo de opinión, especialmente en *El País*.


Na narrativa destaca desde os anos 80 con novelas e libros de relatos que acadaron grande éxito e recoñecemento, como *Un millón de vacas*, *Que me queres, amor?* ou *O lapis do carpinteiro*, merecedoras de diversos galardóns e varias delas adaptadas ao cine. A súa obra aborda con frecuencia a memoria histórica, como en *Os libros arden mal*. Nos últimos anos segue publicando novelas, relatos e obras con proxección internacional.

Aínda que é coñecido sobre todo como narrador, tamén cultivou a poesía de maneira continuada, publicando numerosos poemarios. Ademais, escribe teatro e literatura infantil e xuvenil, con títulos como *Bala perdida*, *O raposo e a mestra* ou *A nena lectora*.

Xunto á súa actividade literaria, mantén un forte compromiso cívico coa recuperación da memoria histórica e co ecoloxismo, recoñecido con premios como o da Fundación Luís Tilve, da Sección Belga de Amnistía Internacional ou o Xarmenta de promoción do galego no Bierzo, entre outros. En decembro de 2022 recolleu a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes do Goberno de España e, en outubro de 2024, foi distinguido co Premio Nacional das Letras Españolas.

Fonte: <https://academia.gal/institucion/academicos/pleno>

Conversa con Manuel Rivas. Premio dos Clubs de Lectura 2026



Alba Blanco Boga

Alba Blanco é artista visual, ilustradora e performer. Graduada en Belas Artes, con Mestrado de Libro ilustrado e Animación Audiovisual pola Universidade de Vigo. É doutoranda en Creación e investigación en Arte Contemporánea. Realiza actividades de apoio á docencia de asignaturas relacionadas coa arte de acción no Grao en Belas Artes e no Mestrado de Investigación e creación en Arte Contemporánea, Universidade de Vigo. Amplía a súa formación en creación artística e literaria mediante cursos e estadias con innumerables profesionais especialistas dos eidos.

Dende 2008 ata 2021 desenvolve a súa actividade como artista *freelance* nas áreas de Ilustración e Arte de acción tanto de xeito individual como en diversos colectivos artísticos, amosando a súa obra en exposicións, festivais e múltiples espazos tanto do territorio nacional como internacional.


En 2021 troca o mundo da creación polo da mediación lectora ao tomar o relevo na xerencia da Librería Seijas despois de 40 anos da súa apertura. Librería Seijas é unha librería independente especializada en ilustración e literatura infantil e xuvenil en Pontevedra.

O proceso de creación artística como eixe da mediación lectora

Dende a Librería Seijas levamos a cabo varios clubs de lectura onde os xestos e procesos de creación artística contribúen a facer da lectura un acto menos senlleiro.

Se buscan mujeres valientes é un club onde participan 75 mulleres e que leva formado dende hai 3 anos. Nel lemos unicamente obras escritas por mulleres que transiten, dalgún xeito, os xéneros do terror e da fantasía. Cada mes coa selección da lectura propónse un pequeno acto creativo para acompañala.

O café das lendas é un clube mixto que conta con 25 participantes e no que lemos fantasía. O día da xuntanza mensual no lugar dun faladoiro facemos un xogo xerado de xeito específico para a ocasión e tematizado cos contidos, dilemas e propostas do libro.



Eva Vieites Salmonte

Eva Vieites é bibliotecaria, licenciada en Historia e terapeuta Gestalt, con mestrados en Desenvolvemento Local e Comarcal e en Educación, Xénero e Igualdade.

Coordinadora do proxecto Suma Ágora desde 2011 (unha iniciativa da Biblioteca Ágora cos barrios da súa contorna) na que se insiren proxectos con máis dunha década de desenvolvemento sostido, como son: Libros Viventes, Roteiros polo Barrio ou a sección Conversas coa veciñanza, para sabermos máis da vida no barrio, da vivencia da biblioteca e do ámbito cultural e social da nosa contorna.

No 2024 sumouse á coordinación do club de lectura QUEERuña.

QUEERuña hoxe: 10 anos de cultura e orgullo. Bibliotecas Municipais da Coruña


O Club de Lectura QUEERuña naceu en 2016 no seo das Bibliotecas Municipais da Coruña, co apoio da Concellaría de Igualdade e Diversidade, como o primeiro club de lectura LGTBI+ de Galicia. O que comezou como un espazo pioneiro medrou de xeito imparabile: en 2022 creouse un segundo grupo e en 2024 un terceiro para dar resposta á alta demanda, sumando hoxe 60 persoas que se reúnen mensualmente. Este compromiso coa cultura e os dereitos foi recoñecido en 2025 co XXI Premio Marcela e Elisa, outorgado pola Asociación ALAS A Coruña.

O club destaca hoxe polas súas dinámicas vivas, onde os grupos debaten en paralelo lecturas escollidas de xeito creativo, e pola súa capacidade de xerar rede. Exemplo disto é a asesoría bibliotecaria ao Club QUEERBergondo ou a creación, dentro da agrupación Donaire, das QUEERuñeiras, un espazo de baile tradicional conformado por participantes do propio club.

O club foxe das fórmulas estáticas: as xuntanzas evolucionaron cara a un modelo onde 60 persoas debaten de forma paralela tres lecturas diferentes, agrupándose segundo os seus intereses. Esta metodoloxía fomenta un contacto vivo e creativo na escolla dos textos.

A partir de 2024, o club medra co obxectivo de fortalecer o tecido asociativo da cidade. Abrimos camiño na visibilidade LGTBI+ colaborando con medios como a revista Six e CUAC FM, e participando en citas clave como o Corufest ou o Atlantic Pride. Ademais, reforzamos o noso papel na mediación lectora en eventos de prestixio como o Salón do Libro de Pontevedra e o Congreso de Bibliotecas Públicas.

Esta intensa actividade complétase con actividades complementarias como roteiros, encontros con autoras ou obradoiros de linguaxe non binaria e non monogamias, consolidando o club como un referente social e cultural da cidade.



Alberto Soler


Alberto Soler é técnico de Mocidade no Concello de Cartagena e coordina desde 2004 os Premios Mandarache (Premio Nacional ao Fomento da Lectura outorgado polo Ministerio de Cultura). En 2014 foi invitado polo Departamento de Estado dos Estados Unidos ao programa International Visitors Leadership Program, enfocado no campo da participación xuvenil e o liderado. En 2017 o diario La

Opinión recoñeceuno co premio Los Importantes, xunto a outras personalidades salientables da Región de Murcia. Publicou o poemario *Los tigres devoran poetas por amor* (Balduque, 2014) e a plaquette *¿Es que quieres que te llamen mariquita?* (ad minimum, 2022).

O Premio Mandarache é un proxecto de fomento da lectura e a creación literaria que, desde 2004, impulsa o servizo de Mocidade do Concello de Cartagena. Cada curso mobiliza o maior xurado literario do mundo: máis de 8.000 mozos organizados en comités de lectura que len, deliberan e votan obras contemporáneas.

Conferencia: Lectura, participación e axencia xuvenil: aprendizaxes desde o Premio Mandarache

A partir da experiencia do Premio Mandarache, o relatorio propón repensar a educación lectora desde a axencia xuvenil, situando os mozos non só como lectores, senón como suxeitos activos con capacidade de decisión, criterio e participación cultural. Abordaranse metodoloxías concretas inspiradas nas políticas de mocidade –baseadas na confianza, a corresponsabilidade e a participación real– que poden trasladarse ao ámbito escolar para fortalecer o vínculo coa lectura e a comunidade lectora.



Miriam Rodríguez Vázquez

Miriam Rodríguez é mestra en Pedagogía Terapéutica e Educación Primaria, pedagoga e especialista en Accesibilidade Cognitiva. Antes de estar na educación pública Miriam traballou como educadora en asociacións no ámbito da discapacidade intelectual. Formada en materia de atención á diversidade, STEAM e biblioteca escolar, presta servizos na educación pública desde hai dez anos impartindo docencia en todas as etapas educativas da escolaridade obrigatoria. Nos seus últimos catro cursos como docente traballou nun centro de educación especial da comarca de Lemos desenvolvendo a función de titora dun Programa Formativo.

Miriam foi coordinadora de biblioteca escolar en diferentes tipos de centros e coordinadora dun club de lectura accesible, facilitada e fácil, durante catro cursos consecutivos.


Actualmente está nunha comisión como asesora en competencia lectora e imparte formación ao profesorado en materia de biblioteca escolar inclusiva, accesibilidade na lectura, competencia lectora e escritora ou e-textís.

Conferencia: O club de lectura fácil, espazo de lectura inclusivo

A conferencia presenta a experiencia dun club de lectura con alumnado con dificultades lectoras nun contexto real, baseado na lectura facilitada e na lectura fácil para garantir a inclusión.

Explícase a súa organización (espazos, tempos, grupos e materiais) e destácase a avaliación continua como elemento clave antes, durante e despois do proceso. Analízanse tamén o papel dos docentes, da biblioteca escolar e as adaptacións necesarias para os participantes.

A conferencia remata cunha reflexión sobre as vantaxes e dificultades desta proposta, especialmente no desenvolvemento da competencia lectora e na motivación do alumnado.



Fundación Xistral

Ana Cristina Juncal Blanco, Carlos Blanco García e Xaime Acuña Torres veñen do sector do libro. Con diferentes experiencias e traxectorias, comparten inquedanzas polo estado de saúde da nosa literatura e, por extensión, da nosa lingua.


Baixo o paraugas da Fundación Xistral, que preside Ana Cristina, desenvolveron o proxecto M8 por ler, co obxectivo de aumentar a visibilidade do libro en galego, pero tamén de crear comunidade arredor das letras que nos unen.

Conferencia: M8 por ler. A rede do libro en galego

Temos un mercado do libro en galego cativo e decrecente. Os datos que manexamos falan dun 8% de venda nas nosas librarías, algo que, sumado á perda continua de galegofalantes, sitúa a nosa literatura nun dos puntos máis críticos da súa historia.

Os integrantes do proxecto M8 por ler coñecen perfectamente a realidade da industria editorial e do mercado do libro e saben que os traballos en galego non teñen nada que envexar aos que se fan noutras linguas. Asumindo que falan dun produto de igual ou maior calidade entenden que aumentar a súa visibilidade en todos os lugares rematará por se converter nun aumento das lecturas.

Nesta conferencia presentan un portal web interactivo para compartir as nosas lecturas en galego, coñecer as novidades e tecer comunidade arredor da literatura en galego. Estes son os motivos mais, o verdadeiramente importante, é que este portal é para ti, para que goces compartindo experiencias arredor da nosa literatura.



Mesas de experiencias simultáneas

Sala Santiago

Coñecemos lendo. Experiencias de intercambio lector entre centros

- » **Elba Cancio Villamarín.** IES da Terra Chá, José Traperó Pardo (Castro de Rei - Lugo)
- » **Inmaculada Sánchez Sánchez.** CEIP de Galán (Arteixo - A Coruña)
- » **Sabela Seoane Lorenzo.** CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro Sabell Mosquera (Ponteareas - Pontevedra)

Os centros desta mesa achegarannos experiencias de intercambio lector: uns encontros entre clubs de lectura de secundaria distantes xeograficamente, un club de lectura da mesma localidade integrado por alumnado de centros de primaria e de secundaria e un club de lectura de profesorado de distintos centros.

Sala Obradoiro

Somos o que lemos. A importancia da selección de lecturas nos clubs

- » **Patricia González Cid.** CEIP A Ponte (Ourense - Ourense)
- » **Esme Quiroga Rodríguez.** IES Val do Tea (Ponteareas - Pontevedra)


Esta mesa pon o foco de atención na importancia da selección de lecturas. Achegarase a experiencia dun club de lectura de poesía e doutro centrado en lecturas en galego de distintos xéneros literarios.

Sala 14

Ler para compartir. Estratexias de dinamización de clubs de lectura

- » **Yolanda González Guerra.** CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense)
- » **Ana Belén López Pérez.** EOI de Lugo (Lugo)

Nesta mesa falarase de como dinamizar os clubs de lectura con diferentes propostas. Un dos centros achegarannos actividades creativas arredor das lecturas e o outro a técnica de círculos de lectura, con roles para cada persoa participante.



Sala 25

Máis que ler. A dimensión social dos clubs de lectura

- » **María Xosé Fernández Casas.** IES Xesús Ferro Couselo (Ourense)
- » **Hugo Verdeal Hermida.** EPAPU Nelson Mandela (A Lama - Pontevedra)

Ás veces a lectura sae dos espazos dos centros educativos para entrar en diálogo e desenvolver actividades con asociacións e outras institucións da contorna. Os centros desta mesa achegarán a súa experiencia en clubs con implicación activa na comunidade na que se insiren.

Conversa de peche: Os clubs de lectura ao longo da vida

Sala Santiago

Coñecemos lendo. Experiencias de intercambio lector entre centros

- » **Alumnas do CEIP Plurilingüe de Seixalbo** (Ourense) **e do IES Val do Tea** (Ponteareas - Pontevedra)
- » **Natalia Edrosa Crecente**, exalumna do IES da Terra Chá, **José Trapero Pardo** (Castro de Rei - Lugo)
- » **Vanessa Fernández Fernández**, nai do CRA de Culleredo (Culleredo - A Coruña)

Nesta conversa establecerase un diálogo entre persoas que actualmente participan en clubs de lectura de centros escolares das distintas provincias de Galicia e que teñen distintas idades e situacións persoais. Os intereses, as buscas, os sentimentos e o intercambio de experiencias en distintos momentos vitais estarán sempre ao redor do feito lector.

